



CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES CATABOIS

CURSO 2023-24



Í N D I C E

1. INTRODUCCIÓN.
2. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
 - 2.1. Actuacións xerais.
 - 2.2. Medidas ordinarias.
 - 2.3. Medidas extraordinarias.



1. INTRODUCCIÓN.

O presente documento é a concreción anual do PXAD, recolle as medidas de atención á diversidade que se contemplan no IES de Catabois para este curso 2023-24. Presentamos a definición de cada unha delas, os/as destinatarios/as, profesorado implicado e todas aquelas concrecións ou informacións que consideramos necesarias. A exposición das medidas farase dende as máis ordinarias ata as máis extraordinarias.

Debemos sinalar que as medidas que se recollen poden sufrir variacións, dado que a flexibilidade das mesmas, é un dos principios que rexen a práctica docente.

O Plan Xeral de Atención á diversidade completo atópase formando parte do proxecto educativo.

2. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Partindo do principio de que cada alumno/a é diverso (distinto), diferenciaremos as seguintes modalidades de atención:

2.1 Actuacións xerais.

Como norma xeral o IES de Catabois buscará adecuar a súa estrutura organizativa (horarios agrupamentos, espazos) e a organización e xestión das aulas ás características do alumnado implicado.

O profesorado do centro acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a e/ou grupo, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnos/as que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros/as aos que lles haberá que dar certas responsabilidades; outros/as que necesitarán estar nun grupo, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito; outros que haberá que avaliar adaptando tempos, instrumentos ou procedementos; etc.

En todo momento teranse en conta os principios de que a cada alumno/a se lle ensinará partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe.

Neste tipo de atención será necesario que o/a titor/a realice as seguintes actuacións: establecer a coordinación entre o distinto profesorado; coñecer a situación



persoal e escolar de cada alumno/a; coñecer os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe e a metodoloxía máis adecuada para cada alumno/a.

2.2 Medidas ordinarias.

Na atención daquel alumnado con necesidades educativas de apoio educativo (incluída a sobredotación), dende o punto de vista propiamente académico, establécense varias medidas ordinarias de atención:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e das aulas.

Como norma xeral o IES de Catabois busca adecuar a súa estrutura organizativa (horarios agrupamentos, espazos) e a organización e xestión das aulas ás características do alumnado implicado.

Para o anterior levaranse a cabo as seguintes actuacións:

-A orientadora e o xefe de estudos recadarán (principalmente no último trimestre do curso anterior) dos/das orientadores/as e titores/as do alumnado de 6º de EP información sobre o alumnado que accede á ESO. Recolleranse, entre outras, informacións sobre as MAD aplicadas, os estilos de aprendizaxe, os aspectos sociais e de relación e as necesidades específicas que pode presentar ese alumnado.

-Na primeira quincena de setembro, antes do comezo das clases, o profesorado de 1º e 2º ESO, a orientadora, o profesorado de apoio e xefatura de estudos manterán as reunións oportunas para organizar os grupos do xeito máis eficaz para atender as necesidades detectadas con anterioridade.

-Xefatura de estudos adaptará (se fose necesario) os horarios dos grupos para atender de xeito máis efectivo as necesidades detectadas.

b) Adecuación das programacións didácticas.

As respectivas programacións didácticas adecuaranse ás características do alumnado implicado (alumnado con TEA, TDAH, alumnado con discapacidade visual, alumnado con dislexia e/ou dificultades de aprendizaxe, alumnado con diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, ritmos de aprendizaxe..) e da contorna. Seguiranse os principios do DUA (deseño universal da aprendizaxe):

1º. Que aprender? Non todo o mundo procesa a información da mesma maneira, polo que o docente deberá presentar a información mediante diferentes soportes e en formatos diferentes tendo en conta as diversidades.



2º Por que aprender? O docente terá que captar o interese do alumnado e proporcionar opcións que permitan diferentes maneiras de motivalos para favorecer o seu compromiso e a implicación.

3º Como aprender? Implica ofrecer opcións diferentes para poder demostrar o que se aprende.

c) **Avaliación inicial.**

Constitúe un factor preventivo na atención á diversidade. Será realizada polo equipo docente baixo a coordinación do titor/a. O DO poderá proporcionar materiais e instrumentos complementarios que sexan necesarios. Os resultados servirán para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e para demandar á xefatura do DO a realización da avaliación psicopedagóxica.

d) **Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.**

No marco dos principios do DUA animarase e colaborarase dende o departamento de orientación, ao profesorado para que utilicen metodoloxías que favorezan: a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, e tamén a atención individualizada. De ser necesario utilizaranse ferramentas dixitais como o Drive, videoconferencias, etc. Adicaranse as primeiras sesións das respectivas clases a ensinar ao alumnado as ferramentas dixitais imprescindibles: manexo da Aula Virtual, E-dixgal, manexo do correo electrónico, subida de arquivos, plataformas para as videoconferencias....

e) **Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación**

Serán obxecto de adecuación, para o alumnado que así o precise: os tempos, procedementos e instrumentos de avaliación (incrementar o tempo de realización das probas escritas, fragmentar os exames, realizar exames orais, rexistros do traballo diario, adaptar o exame en función das necesidades detectadas: estrutura do exame, preguntas curtas, tipo test, aumentar o tamaño da letra...).

Prestarase atención ás propostas que, en relación á avaliación, figuran nos distintos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



f) Aula de atención educativa e convivencia.

Destinada ao alumnado que incorra de maneira reiterada en condutas disruptivas. A organización e funcionamento están recollidos no Plan de Convivencia do centro.

Profesorado implicado: equipo directivo, orientación, profesorado de garda e responsables da Dinamización da Convivencia.

O alumnado derivado a esta aula participará e desenvolverá as actividades deseñadas no programa de habilidades sociais.

g) Desdoblamento de grupos.

Este ano existen os seguintes:

- En todos os cursos, desdoblamentos entre Relixión e Proxecto Competencial.

1º ESO:

- Francés/ Exentos (Apoio Lingua Galega/Apoio Matemáticas)
- Inglés Sección/ Tecnoloxía non sección
- Inglés Non Sección/ Tecnoloxía sección

2º ESO:

- Francés/Exentos (Apoio Lingua Castelá/Apoio Matemáticas)
- Inglés Sección/ Tecnoloxía non sección
- Inglés Non Sección/ Tecnoloxía sección

3º ESO: (3º A+PDC)

- Cultura Clásica/ Ed. Física Sección
- Francés/Ed. Física Non Sección.

4º ESO:

- FQ/ Eco Empren
- Biox/Dixit.
- MateA/MateB
- Franc/ExprArt
- Oratoria/Tecno

4º PDC:

- Franc/ExprArt
- Oratoria/Tecno

h) Reforzo educativo, apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e/ou docencia compartida.

No suposto de que houbera profesorado con dispoñibilidade horaria, priorizaríase o apoio nas áreas instrumentais (lingua galega, lingua castelá e matemáticas) dentro da aula ordinaria.

Neste curso foi imposible organizar a docencia compartida en 1º e en 2º da ESO debido ao recorte de profesorado.



i) Programas de enriquecemento curricular.

Consiste en establecer para o alumnado con alta capacidade intelectual, axustes metodolóxicos e de enriquecemento nas áreas nas que destaque. Proporcionarase ferramentas ao alumnado para que amplíe, profundice ou investigue sobre temas tendo en conta os seus centros de interese e as súas fortalezas.

Actualmente non temos ningún alumno/a con necesidade específica de apoio educativo asociada a altas capacidades.

j) Plan de reforzo para o alumnado que promociione con materias sen superar.

O alumnado que promociione con materias pendentes deberá seguir un Plan de reforzo en cada unha das materias destinado á recuperación das mesmas. Será elaborado polo profesorado que imparte a materia pendente, baixo as directrices do correspondente dpto. didáctico e co coñecemento do profesor/a titor/a. Nese plan indicárase: tarefas a realizar coa debida temporalización, seguimento e avaliación e acreditación da información á familia.

Farase seguimento do mesmo en cada sesión de avaliación e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

k) Plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumno/a para tratar de superar as dificultades detectadas. Será elaborado polo equipo docente coa coordinación do titor/a. Consiste en medidas de reforzo educativo para axudar ao alumnado repetidor a superar as dificultades, incidir sobre as carencias e favorecer a adquisición das competencias clave. De ser necesario aplicaranse medidas extraordinarias.

Farase seguimento do mesmo en cada sesión de avaliación e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

(*) Sinalar as dificultades para levar a cabo esta medida, porque o profesorado só pode contar (na meirande parte dos casos) co traballo que se realiza durante as sesións de clase.



Curso	Alumnado
1º	2
2º	4
3º	4
4º	3

1) Programa de habilidades sociais.

Perseguirá os seguintes obxectivos:

- Dotar ao alumnado dun repertorio amplo de habilidades sociais que podan utilizar para mellorar a calidade das súas relacións, e para previr e/ou resolver problemas ou dificultades nas súas relacións con outras persoas.
- Concienciar na necesidade de ter unha actitude de respecto cara os demais.
- Favorecer unha autoestima positiva no relativo ao ámbito educativo, persoal e das relacións.
- Conseguir reducir os comportamentos disruptivos na aula, así como tamén a frecuencia e intensidade de interaccións agresivas entre os adolescentes, tanto no ámbito escolar como fóra del.

- Contémplanse dous tipos de programas:

- Programa de Habilidades Sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

- Programa de Habilidades Sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Os dous programas serán aplicados coordinadamente entre o DO e profesorado titor, que procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias e, de ser o caso, os Servizos Sociais e entidades como FSG, Acción familiar...

Aplicación:

Moitos dos contidos dos que consta este programa trabállanse habitualmente nas titorías, pero cando sexa necesario aplicar calquera dos dous programas, de maneira individual cun alumno ou alumna concretos ou con un grupo pequeno de alumnos ou



alumnas, o Departamento de Orientación establecerá por escrito as actividades a traballar e a periodicidade.

II) Atención durante a exención da segunda lingua estranxeira.

Artigo 10 da Resolución do 6 de xuño de 2023, pola que se ditan instrucións no curso 2023/24 para o desenvolvemento das ensinanzas de ed. infantil, ed. primaria, ESO e Bacharelato:

1. *“O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no seu proceso de aprendizaxe (en particular nas materias lingüísticas), poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira”*

2. *“A decisión sobre a aplicación desta medida recaerá na dirección do centro, tras oír a nai, o pai ou as persoas titoras legais da alumna ou do alumno, e poderá ser tomada nos seguintes casos:*

- Nos primeiros días de curso, tendo en conta o informe do titor/a do curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Na sesión de avaliación inicial (outubro), tendo en conta o informe do titor/a coa colaboración de Orientación.
- No caso de alumnado que se incorpore ao centro procedente do estranxeiro ou de fóra da CA de Galicia unha vez iniciado o curso, tendo en conta o informe da orientadora e do titor/a

Procedemento:

- Información a familia.
- Autorización do Director/a do centro.
- Comunicación á Secretaria e cambio no XADE.

Curso	Alumnado	Materia	Carga horaria	Nº profesores/as
1º	10	EX 2ªLEF	2	2
2º	10	EX 2ªLEF	2	2

Profesorado implicado:

- Reforzo lingua Galega 1º ESO: Marta Derungs Criado
- Reforzo matemáticas 1º ESO: Carmen Río Reboredo
- Reforzo lingua Castelá 2º ESO: Jesús Escariz Quintás
- Reforzo matemáticas 2º ESO: Manuel Teijido Canedo



A maiores do sinalado, incluírase o traballo das habilidades mentais básicas dentro do horario desta atención. Neste traballo colaborará o Departamento de Orientación do centro.

m) Optatividade.

A optatividade que oferta o centro é unha medida de atención á diversidade en sí mesma, dado que atende á diferenza de intereses, motivacións e aptitudes do alumnado

MATERIA	CURSO	PROFESOR/A
Proxecto Competencial	1º ESO	Mª Teresa Gómez Cheda
	2º ESO	Mª Natividad García Cela
	3º ESO	Noemí Martín Suárez
	4º ESO	Carmen Río Reboredo
2º Lingua Estranxeira (Francés)	3º, 4º ESO e 1º Bach	Isabel Tojeiro Luaces
Cultura Clásica Oratoria	3º ESO	Jesús Escariz Quintás
	4º ESO	
Tecnoloxía	4º ESO	Mª Mercedes Martínez Gómez
EPVA	4º ESO	Laura Mª Muíño Rivas
TIC	1º Bach	Carmen Río Reboredo
Reforzo de Matemáticas Métodos Estatísticos e Numéricos	1º Bach	Antonio José Ferreiro Rozas
	2º Bach	
DC Cultura Anglo	2º Bach	Irene Patriño Castro

ñ) Apoio dos auxiliares de conversa:

- **Auxiliar conversa de Inglés:** apoia en 3º e 4º ESO e 1º BACH: unha hora de Inglés, tamén unha hora en tecnoloxía sección de 2º ESO.
- **Auxiliar conversa de Francés** apoia unha hora en cada un dos grupos da ESO e ademais 1 hora no Bacharelato.

o) Seccións bilingües

Este curso contamos coas seguintes:

- **En 1º e 2º ESO:** Tecnoloxía e dixitalización Sección inglés / Tecnoloxía e dixitalización Non Sección
- **En 3º ESO:** Ed. Física Sección inglés /Ed. Física Non Sección

p) Contratos programa.

Están solicitados os CP Inclúe: Queda-T, Iguala-T, Convive-T e Inclúe-T; e Emocionate, tamén se solicitou o CP Innova: Edu-excelencia.

Está solicitado tamén o contrato programa PROA + para 1º, 2º ESO co perfil de profesorado preferente de PT e ámbito científico.



2.3 Medidas extraordinarias.

Na atención daquel alumnado con necesidades educativas de apoio educativo (incluída a sobredotación), dende o punto de vista propiamente académico, establécense varias medidas extraordinarias de atención:

a) Adaptacións curriculares.

Son unha medida extraordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE.

Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna/o e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

Axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna/o alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia (o do ciclo ou nivel en que a alumna/o estean matriculados), para chegar ao currículo adaptado (o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso).

Para a súa realización seguirase o establecido no artigo 55 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Curso ESO	Previsión Alumnado
1º	3 - 4
2º	5

b) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.

(Seguirase o establecido no artigo 57 da Orde de atención á diversidade). É un recurso dirixido especialmente á atención ed. do alumnado con NEE, sen prexuízo de que atenda tamén a outro alumnado con NEAE, según a proposta realizada pola xefatura do dpto. orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección. Para esta



proposta terase en conta as indicacións dos equipos docentes implicados no caso (profesor/a titor/a, profesorado de área implicado, profesora de P.T.). Manterase unha xuntanza na que se decidirá a conveniencia deste tipo de apoio así como as súas condicións. Priorizarase sempre o apoio dentro da aula. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico

Dispóñense as seguintes horas:

	1ºA	1ºB	2ºA	2ºB	3ºA e PDC
Matemáticas	2	2	2	2	–
Lingua Galega	1	1	–	–	–
Lingua Castelá	–	–	1	1	–
Inglés	2	2	–	–	–
Física e Química	–	–	1	1	–
EPVA	–	–	–	–	2
Música	–	–	–	–	2

A proposta de apoio para o alumnado implicado, será elevada á xefatura de estudos, cando menos unha vez por trimestre ou cando as modificacións que se realicen así o aconsellen.

O seguinte cadro reflicte o momento actual (mes setembro) do presente curso, priorizando o alumnado con ACS. Esta situación poderá sufrir variacións ao longo dos sucesivos trimestres.

Curso	Alumnado	Profesora PT
1º	3-4	1
2º	5	1

Neste cadro non se reflicte o alumnado con NEEAE motivada por situacións desfavorecidas por condicións persoais/situación familiar con dificultades específicas de aprendizaxe, que se fará trala pre-avaliación do mes de outubro.

c) Apoio do profesorado de Audición e Linguaxe.

Este curso a pesar de ter alumnado que necesita a atención do dito profesional e de ser solicitado ao servizo de Inspección, non nos veu autorizado a dotación do dito profesional.



d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

Non hai ningún alumno/a que no presente curso fose proposto para recibir esta medida de atención á diversidade.

e) Programa de Diversificación Curricular.

Consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.

Empregarase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral. Os contidos curriculares débense de tratar desde un punto de vista global, practico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores.

O alumnado destinatario desta medida extraordinaria deberá cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos:

- a) Ser alumnado con NEAE que presente dificultades de aprendizaxe.
- b) Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultades detectadas.
- c) Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- d) Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Para poder ser proposto para a incorporación a este programa, o alumnado deberá atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter cursado 2ºESO, non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.
- b) Ter cursado 3º ESO e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.
- c) Ter repetido 3º ESO e non superalo.
- d) Ter cursado 4º ESO e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.



A duración será de dous cursos. Excepcionalmente, poderán establecerse programas dun curso de duración para o alumnado que se encuentre nas situacións establecidas nas letras c) e d).

Procedemento para a incorporación:

a) Logo de realizada a 3º avaliación, o equipo docente realizará unha proposta provisional do alumnado que se podería incorporar ao programa, o que permitirá á xefatura do departamento de orientación realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.

b) Despois da avaliación final, o equipo docente realizará a proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa.

c) O profesorado titor elaborará un informe individualizado do alumnado que se podería incorporar ao programa, que será remitido ao departamento de orientación e que deberá constar, como mínimo:

1º. Da competencia curricular do alumnado en cada materia.

2º. Das dificultades de aprendizaxe detectadas.

3º. Das medidas de atención á diversidade aplicadas previamente.

4º. Dos motivos polos cales o equipo docente considera conveniente a súa integración no programa de diversificación curricular.

d) A xefatura do departamento de orientación elaborará un informe por cada alumna/o, no cal se incluírán as conclusións sobre o informe do profesorado titor, as da avaliación psicopedagóxica e a opinión familia e da alumna/o sobre a medida proposta.

e) Posteriormente, unha comisión formada pola xefa de estudos, que exerce a súa presidencia, a orientadora e o profesorado titor valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, da familia, e realizará unha proposta á dirección sobre a súa incorporación.

f) A dirección do centro elevará a proposta de incorporación do alumnado ao servizo territorial de Inspección antes del 13 de xullo, ou cando determine a normativa de cada curso escolar, na cal se reflectirá a relación de alumnado proposto e de profesorado que vai impartir cada ámbito de coñecemento do programa, xunto co resto de documentación do procedemento.

g) O servizo territorial de Inspección emitirá a autorización para o desenvolvemento dos programas que cumpran os requisitos establecidos que será comunicada ao centro docente



Este curso temos autorizado os seguintes programas:

Curso	Alumnado	Ámbitos	Profesorado
3º	8	- Lingüístico Social - Científico e matemático - Linguas Estranxeiras	- M ^a Alonso Espasandín - M ^a Natividad García Cela - M ^a Elisa Armada Castro
4º	9	- Lingüístico Social - Científico e matemático - Linguas Estranxeiras	Antonia Filgueiras Martínez M ^a Natividad García Cela Irene Patiño Castro

f) Programas Formativos Básicos.

Os Programas Formativos Básicos - Acciões Formativas para Desempregados (PFB-AFD) Comarca Ferrolterra, son programas dirixidos a persoas que non teñen o título de graduado en ESO cuns obxectivos claros:

- Recibir unha formación inicial nunha profesión.
- A inserción laboral do alumnado.
- Continuar a súa formación académica.

Debido aos cambios na lexislación educativa, pasou por moi diversas denominacións durante deste tempo: dende o curso 2001/2002, chamáronse Programas de Garantía Social - modalidade B, de Iniciación Profesional (**PIP**); dende o curso 2008/2009 adquiren a denominación de Programas de Cualificación Profesional Inicial (**PCPI**), despois Formación Profesional Básica (**FPB**) para, na actualidade denominarse Programas Formativos Básicos (**PFB**)

Estes programas son o froito da colaboración entre varios institutos de educación secundaria e centros públicos integrados da zona ao longo destes anos: Canido, Catabois, Ferrol Vello e Fernando Esquío. Este ano só o imparte o IES de Catabois.

Ademais dos institutos, moitas outras foron as entidades públicas (concellos da comarca, Servizos de Benestar e Emprego..) e/o usen ánimo de lucro (Cáritas, Cogami, Dignidad...) que participaron neste programa.

A estas entidades, temos que engadir, dende hai catro anos, o importante **acordo de colaboración** entre as dúas consellerías, a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a de Economía, Emprego e Industria, necesario para desenvolver estes programas.

Nestes programas primase a formación práctica, que é a que lle vai dar ao



alumnado a formación necesaria para poder conseguir un contrato. Ao remate do curso poden chegar a realizar ata unhas 400-500 horas de prácticas en empresa.

Requisitos:

- 16 anos cumpridos o día 1 de outubro.
- Non ter a ESO ou titulación equivalente nin superior.
- Estar inscritos no INEM.
- Superar un proceso de selección.

Alumnado:

- Comercio-Almacén: 15 alumnos/as.
- Industrias alimentarias: 15 alumnos/as.

Profesorado:

<p>PF Comercio-Almacén Ámbitos - Lingüístico Social - Científico e matemático - Linguas Estranxeiras</p>	<p>Isabel Tojeiro Luaces M^a Mercedes Leira Martínez Irene Patiño Castro</p>
<p>PF Industrias Alimentarias - Lingüístico Social - Científico e matemático - Linguas Estranxeiras</p>	<p>Patricia Ramos Díaz M^a Mercedes Martínez Gómez Marta Derungs Criado</p>

g) Atención ed. ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada.

Para o alumnado que non poida asistir ao centro con regularidade por un período prolongado, por prescrición médica, enfermidade, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables coma consecuencia dunha emerxencia sanitaria, lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense diferentes medidas.

Actualmente non temos ningún alumnado que necesite atención domiciliaria, atención ed. hospitalaria ou atención ed. virtual. De ser necesario seguirase o establecido no artigo 62 da orde de atención á diversidade e o establecido no PXAD.



h) Atención ed. ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.

Actualmente non temos alumnado con estas características. O alumnado menor de idade sometido a medidas de responsabilidade penal terá a consideración de alumnado con NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

O alumnado residente nos centros de menores recibirá unha atención educativa que favoreza o seu desenvolvemento persoal, contribúa á súa reinserción social e dea continuidade ao seu proceso educativo. De ser necesarias, ofertaráselle as medidas de atención á diversidade que necesite.

Finalizado o réxime de internamento, garantirase a incorporación dese alumnado ao centro docente ordinario que lle corresponda. O equipo docente do centro ordinario, coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do DO, adoptará as medidas que promovan a súa inclusión.

i) Atención ed. ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

Actualmente non temos alumnado con estas características. Ese alumnado será considerado como alumnado NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar. De ser necesarias levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade que procedan. Así mesmo, no deseño de actividades, teranse en conta aquelas que promovan a participación e o autoconecemento, así como as que melloren a autoestima dese alumnado, aspectos necesarios para a súa inclusión.

j) Atención ed. ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

Actualmente non temos alumnado con estas características. Ese alumnado será considerado como alumnado NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar. De ser necesarias levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seu desenvolvemento persoal e social.

k) Atención ed. ao alumnado pertencente e familias itinerantes.

Actualmente non temos alumnado con estas características. O alumnado pertencente a familias itinerantes é aquel que, por razóns socioeconómicas da súa familia non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro docente, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. Ese alumnado será



considerado, para todos os efectos, alumnado NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

A xefatura territorial correspondente garantirá a escolarización dese alumnado nos centros docentes do contorno a onde se despracen a súa familia.

O IES Catabois prestará atención especial á inclusión e á normalización do devandito alumnado, e porá ao seu dispor as medidas de atención á diversidade que precise, así como, de ser o caso, os servizos complementarios de transporte.

O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro docente a outro durante o curso es colar realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, logo da petición deste, a información pertinente.

I) Atención ed. ao alumnado procedente do estranxeiro.

Actualmente non temos alumnado con estas características. Ese alumnado será considerado como alumnado NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Poderá, participar nun grupo de adquisición das linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

No momento da súa incorporación farase a avaliación inicial, que, de estimarse necesario, complementarase coa avaliación psicopedagóxica que debe realizar a xefatura do DO. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presenta un desfase curricular de máis de dous cursos, poderase escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento.

II) Grupos de adquisición das linguas.

Ata o momento non temos alumnado para incorporarse a estes grupos, se ben e certo que nos últimos anos está chegando a metade e finais de curso alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento das linguas oficiais de Galicia.

Teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares da ensinanza, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas



actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que está escolarizado. Poderá formar parte dun grupo de adquisición das linguas un tempo máximo dun trimestre

O alumnado que forme parte deste grupo deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e inclusión.

O horario semanal máximo será de 24 períodos lectivos semanais, e deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua.

O profesorado encargado pertencerá, preferentemente, ás especialidades de carácter lingüístico e deberá contar con dispoñibilidade horaria. Este profesorado coordinarase co titor do grupo ordinario ao que pertence a alumna/o, co asesoramento da xefatura do DO.

Para constituír un grupo de será necesaria a solicitude á Xefatura Territorial según o disposto no artigo 68 da Orde de atención á diversidade.

m) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Ata o momento non temos alumnado para incorporarse a estes grupos, se ben e certo que nos últimos anos está chegando a metade e finais de curso alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento das linguas oficiais de Galicia.

Teñen por finalidade contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo no que está escolarizado.

Decidirase a creación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando, a partir da avaliación inicial, realizada no momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo galego e que pode complementarse coa avaliación psicopedagóxica, se verifique o desfase curricular, e se considere a medida máis adecuada para o alumnado.

A permanencia do alumnado nestes grupos, que se poderá estender ao longo de todo o curso escolar, levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas ou materias de carácter instrumental e non poderá exceder os dez períodos semanais nin abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou materias coas que coincide. O alumnado incorporárase plenamente ao seu grupo



ordinario no momento no que equipo docente considere superadas as necesidades educativas que motivaron esa medida.

n) Atención educativa a mozas embarazadas.

A alumna será considerado como alumna con NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Actuarase conforme o que dita o artigo 70 da Orde de atención á diversidade e a normativa de referencia.

O IES facilitará a asistencia ás probas prenatais ás persoas proxenitoras, adecuando os procesos de ensino e de aprendizaxe ás súas necesidades.

A menor de idade terá dereito a atención educativa domiciliaria, se durante o proceso de xestación precisa repouso, por prescrición médica.

O IES durante o proceso de xestación, posterior maternidade e ata os dous anos de idade da filla/o adaptarán as datas e o horario das probas de avaliación das persoas proxenitoras.

Potenciarase, por parte do equipo docente e coa colaboración do DO, a comunicación e o mantemento do vínculo co ámbito educativo, procurando asegurar a permanencia da moza embarazada no sistema educativo, evitando un posible abandono escolar temperán.

Cando a asistencia ao centro docente non poida ser continuada por mor do embarazo, do parto ou do coidado da súa filla/o menor de dous anos, propiciarase o uso de medios telepáticos que permitan seguir con aproveitamento o desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe. Igualmente, de ser o caso, podería continuar na modalidade de educación a distancia mediante o traslado provisional de matrícula, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.

O DO informará a menor embarazada das redes de apoio existentes no seu contorno.

Facilitaranse as entradas e saídas ao centro docente da menor de idade para a lactación da súa filla/o ata os dous anos de idade. De ser o caso, ofreceráselle a posibilidade de levar a cabo a lactación nunha dependencia do centro docente que cumpra as condicións de privacidade e tranquilidade.

As ausencias ao centro docente por motivo de actividades de preparación do parto, así como as derivadas deste, da atención e da asistencia médica da filla/o, terán a consideración de faltas xustificadas.



ñ) O persoal auxiliar coidador

Este é o terceiro curso que contamos con unha profesional deste tipo. É un recurso profesional de apoio para atender ao alumnado con NEE que presenta algunha das seguintes características:

- a) necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
- b) Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.
- c) Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- d) Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar, para os que carece da autonomía necesaria.
- e) Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

Según establece o artigo 80 do borrador da Orde que regula a atención á diversidade ten as seguintes funcións:

- a) Atender ao alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión.
- b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- c) Facilitar os traslados polos diferentes espazos do centro.
- d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, tanto dentro coma fóra da aula.
- e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- f) De ser o caso, atender ao alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- g) De ser o caso, participar na administración a este alumnado da medicación que non requira especialización profesional, que estea prescrita por persoal médico e segundo a dose indicada.
- h) Acompañar na ruta escolar ao alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- i) Colaborar nas actividades complementarias e extraescolares nas que participe a alumna ou o alumno.
- j) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación



establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.

k) Aqueloutras que a Administración educativa lle poida encomendar no ámbito das súas competencias.

A súa intervención será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo.

A rateo máxima de persoal auxiliar coidador/alumnado con necesidades educativas especiais non excederá de 1/7

o) A intérprete de Lingua de Signos

Este curso non contamos coa dita profesional pois non existe alumnado que o necesite. É un recurso extraordinario de apoio para o alumnado con NEE asociadas a discapacidade auditiva, as súas funcións están reguladas no artigo 81 da Orde que regula a atención á diversidade.

Ferrol, 22 setembro 2023

Orientadora

Asdo.: Ana Belén García Caruncho